



OPEN SALMÓNIDOS MOSCA LAGO BEIRA

6 DE MARZO DE 2021 - EMBALSE DA FERVENZA
RIO XALLAS

PROGRAMA

07,30 h. Recepción dos participantes no escenario da proba. Control individual da temperatura

08,30 h a 09,15 h 1ª Manga.

09,30 h a 10,15 h 2ª Manga.

10,30 h a 11,15 h 3ª Manga.

11,30 h a 12,15 h 4ª Manga.

12,30 h a 13,15 h 5ª Manga.

Pausa bocadillo

14,45 h a 15,35 h 6ª Manga.

15,45 h a 16,30 h 7ª Manga.

16,45 h a 17,30 h 8ª Manga.

17,45 h a 18,30 h 9ª Manga.

18,30 h a 19,30 h fin da competición, publicación de clasificacións e entrega de premios

BASES

Todo ao longo da competición queda prohibido o consumo de tabaco e bebidas alcohólicas, mesmo a posesión destas últimas. Esta prohibición afecta a toda a estrutura federativa en todo o escenario.

Durante a competición os deportistas non poderán facer uso de teléfonos móbiles, ou calquera outro medio de comunicación eléctrico ou electrónico

Xurado: a súa composición darase a coñecer na reunión para o sorteo de postos.



Redefol: Autorízase o uso dun redefol dunha lonxitude máxima de 3 metros de longo.

Liñas: colas de rata de calquera composición, cun diámetro mínimo incluíndo o recubrimento de 0.55 milímetros. As colas de rata deberán ter unha lonxitude mínima de 22 metros, nunha soa peza, sen empalmes nin engadidos. Permítese o uso de liñas flotantes afundidas e intermedias, e ao final da liña unha lazada dunha lonxitude máxima de 10 centímetros para atar o baixo.

Os baixos de liña deben ser de monofiamento, cunha lonxitude máxima equivalente á do dobre da cana utilizada. Os baixos poden ser paralelos ou anoados de diferentes diámetros. Sempre decrecentes cara á posición das moscas. A distancia mínima entre os nos do baixo de liña será de 30 centímetros. Os baixos non poden ter elementos engadidos a eles, agás os ramais aos que se aten as moscas.

Tódolos anzois deben estar conectados directamente ao baixo de liña. Os ramais de unión dos anzois ao baixo de liña terán unha lonxitude mínima de 5 centímetros. Estes deberán de estar atados de modo que non se despracen ao longo do baixo.

PERMÍTESE

Entrar na auga sen entorpecer ou molestar na acción de pesca aos postos lindantes.

Un máximo de 3 micro aneis ríxidos (de metal ou material indeformable), dun diámetro exterior máximo de 3 milímetros.

Engados (moscas): os streamers e as moscas artificiais afundidas ou flotantes montadas sobre anzois simples.

As moscas lastradas sempre que o lastre se tape cun revestimento, que en ningún caso pode pasar da curva do anzol.

As ninfas só poden ter un adorno visible que mida coma máximo 4 milímetros.

Un máximo de tres moscas que deben estar a unha distancia mínima de 50 centímetros entre elas, medidas de ollo a ollo colgando libremente.

NON SE PERMITEN

Anzois con arponciño ou que non lle fose totalmente inutilizado. Deben estar sen rebaba algunha, de modo que non ofrezca resistencia algunha ao desanzoadado.



As moscas cuxo corpo estea moldeado de plástico, goma ou silicona e as imitacións de vermes con estes materiais.

Engadir ao baixo elementos de flotación ou afundimento.

FASES DE PESCA

A proba constará de 9 mangas. Cada participante pescará 6 mangas e controlará 3.

Fin da manga: No caso de que un deportista acade unha captura nos últimos minutos, disporá de 5 minutos suplementarios para cobrala. Este tempo perderao do descanso e, de ter que pescar na seguinte manga, iniciará a acción de pesca no horario previsto.

Escenario: será sector único dividido nun número de tramos igual aos dous terzos do número de deportistas inscritos.

Sorteo: será sorteo puro e duro, que se fará antes do inicio da proba. Presentarase un cuadrante coa rotación de postos e cada posto terá asignado un número. O deportista que saque un determinado número no sorteo terá que pescar nos postos aos que lle corresponda ese número.

Clasificación: farase unha clasificación por cada unha das mangas. Os deportistas que controlen nunha manga non sumarán postos na clasificación da mesma. A clasificación final farase coa suma de postos de tódalas mangas pescadas. Será o primeiro clasificado aquel deportista que obteña o menor número de postos, e así sucesivamente.

O valor dos ceros en cada manga será o resultado obtido coa suma dos deportistas que pescaron máis un (P+1) ao que se lle sumará a división dos que non pescaron por dous (NP:2). Exemplo: Os deportistas participantes son 15, nunha manga pescan tres e os outros fan cero. 3 máis 1 máis a metade de 12 igual a 10. Nesa manga o cero terá un valor de 10 postos.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN

De 19 a 50 centímetros	1100 puntos.
De 50 a 60 centímetros	1300 puntos.
De 60 a 70 centímetros	1500 puntos.
Máis de 70 centímetros	1700 puntos.

Para calquera imprevisto ou situación non contemplada nestas bases, será o comité da proba que tome a decisión final, que será inapelable.



Os catro primeiros clasificados formarán a selección galega que represente a Galicia no campionato nacional da especialidade 2022.

A inscrición e participación nesta competición implica a aceptación das presentes bases.

Entorpecer ou alterar o normal decorrer da competición será motivo de expulsión da mesma.

INSCRICIÓNS

Deberán facerse ao correo delegadocoruna@fgpesca.org achegando o xustificante do ingreso de 20.- € feito na conta IBAN ES34 2080 0176 9630 4001 0672 baixo o concepto Autonómico Salmónidos Lago, ata o 10 de xaneiro 2021 ás 21,00 horas. O motivo deste adianto nas inscricións é que ao ser esta competición fóra do período hábil de pesca, e como se van solicitar autorizacións para facer adestramentos os días 13, 14, 20, 21 e 27, 28 de febreiro nas que compre chegar a lista de participantes, fainos falta tramitar este expediente cunha antelación prudente, co fin de evitar sustos ou présas innecesarias a última hora.

Para que esta competición se desenvolva cómpre que haxa unha participación de cama mínimo 12 deportistas.

NOTA IMPORTANTE

Por mor da actual crise sanitaria a organización non entregará, nin fará servir, ningunha clase de comida nin bebida aos participantes. Cada participante deberá traer as súas propias bebidas e comidas debidamente identificadas. Prégase consultar na páxina web da Federación o Protocolo Covid-19 (www.fgpescas.org)

Para esta competición o responsable do protocolo COVID-19 será o Delegado Provincial da FGPeC na Coruña D. José Ramón Castro Varela tlf 670907902

D. Javier Méndez Alonso
Presidente do Comité de Salmónidos da FGPeC